




1. EMPRAZAMENTO




DATOS XERAIS

Comarca: Rías Altas. Sector: Ría de Viveiro. Municipio: Viveiro. Parroquia: San Xiao de Faro.
Extensión: 0,73Km2

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Encóntrase no interior da ría de Viveiro. Posúe cantís con parede de forte inclinación con estreita plataforma dianteira, evidente dinámica de retroceso e variados depósitos ao pé. A parede acantilada dá paso a unha vertente superior de pendente moderada que é finalmente pechada por elevacións con aliñación NO-SE. O anfiteatro está aberto polo cruzamento de dúas fracturas N-S e O-E.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

Incluída no Dominio hercínico, a área repártese entre as granodioritas e tonalitas orientadas, que ocupa a metade noroeste da unidade, e o granito de dúas micas, que ocupa a metade suroeste.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Vertente costeira de ambiente climático Cálido e Seco definido por temperaturas medias anuais superiores a 14°C e precipitacións acumuladas de entre 800mm e 1000mm ao longo do ano. A amplitude térmica media anual en torno a 13°C.

OS SOLOS

Dominio dos solos tipo cambisol dístrico na maior parte da vertente o que facilita o seu aproveitamento con fins agropecuarios. Na cabeceira fórmanse solos menos evolucionados do tipo regosol e umbrisol.

AS AUGAS

Vertente sen rede fluvial salientable cuxas augas desaugan á masa de Augas Costeiras 20108 e na súa marxe sur á masa 20107 que se estende por boa parte da Ría de Viveiro.

O PATRIMONIO NATURAL

Costa da IBA Punta Candieira-Ría de Ortigueira-Estaca de Bares. Toda a liña de costa da unidade, incluíndo a Insua de Area, está protexida polo LIC Costa da Mariña Occidental. Unidade acantilada, o hábitat máis importante é o 1230, "Cantís con vexetación das costas atlánticas e bálticas", pero abunda o intermareal sedimentario, con coídos e cobertura areosa, polo que tamén ten importancia o hábitat 1210, "Vexetación anual sobre refugallos mariños acumulados. A unidade é un exemplo da importancia do arboredo derecolonización, de notable importancia nas agras de Faro e A Aldea. Tamén aparece algunha mancha de frondosas non ripícolas (9230-9260).

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

Nesta unidade predominan os espazos de cultivo asentados sobre unha pendente moderada respondendo ás agras dos asentamentos de Faro, O Penal e A Aldea. O parcelario de cultivo presenta manchas de bosques de repoboación que responden, na maioría das ocasións, ao desenvolvemento dos sebes vivos existentes nos lindes das parcelas. O uso forestal é residual nesta unidade ocupando o extremo nororiental da mesma, a continuación da plantación sobre o Monte Pedrouzos, e máis cara ao sur, entre os asentamentos do Penal e A Aldea. Na Insua de Area fronte á costa desta unidade, non existe ningún uso debido ao seu carácter rochoso.

MORFOLOXÍA

A rede de asentamentos está constituída polas poboacións de Faro, A Aldea e O Penal. Os dous primeiros responden ao tipo de localizacións que se sitúan ao pé dunha elevación, por riba dos 75 metros, de forma agrupada evitando a ocupación da agra de cultivo. Faro, ao pé do monte homónimo ao norte da unidade e A Aldea ao leste, ao pé do Monte Pedrouzos seguen polo tanto, as pautas dos núcleos tradicionais deste ámbito litoral. O Penal, ao suroeste da unidade, localízase máis próximo á costa, por baixo da cota de 50 metros chegando en ocasións até o bordo do cantil, cunha organización lineal apoiada no viario e non tan dependente do espazo do cultivo. Este asentamento non presenta unha trama cohesionada e si unha tipoloxía edificatoria de carácter espontáneo onde predomina o modelo de tipo unifamiliar con cerramento individual.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

As infraestruturas de mobilidade existentes na unidade consisten en dous trazados viarios que discorren de noroeste a sueste enlazando os asentamentos presentes. Deste xeito, a estrada LU-2610 procedente do norte enlaza con Faro e posteriormente co asentamento da Aldea pola base do Monte Pedrouzos. Doutra banda, desde Faro parte a estrada LU-143/LU-2610 que discorre por baixo da anterior para enlazar Faro co Penal e continuar cara ao sur, cun trazado próximo ao mar arredor do que se asentan novas edificacións de carácter espontáneo.


PATRIMONIO HISTÓRICO

Nas proximidades da Aldea catalogouse un depósito arqueolóxico correspondente co antigo asentamento de Castelo. Doutra banda, o asentamento singular de Faro atesoura como elementos catalogados de ben de interese cultural a Igrexa parroquial de San Xiao e un cruceiro de carácter privado no nº 45 deste asentamento. Outro cruceiro privado catalogado é o localizado na Punta da Arnela, ao suroeste da unidade, cuxa peculiaridade é precisamente a súa localización sobre un accidente xeográfico avanzado na costa. Existe a lenda de que houbo antigamente nas proximidades do Monte Faro, na actual parroquia de Faro, unha cidade altomedieval coñecida como Area ou Estabañón que foi devorada por unha terrible marea, con todo tamén conta a lenda que na noite de San Xoán aínda é posible ouvir o repicar das campás da súa igrexa.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

O carácter agrario desta unidade aínda se conserva en gran medida tal e como o demostra o estado do parcelario existente entre Faro e A Aldea: libre de edificacións e usos alleos á actividade agraria, lindes ben conservadas con sebes vivos, e pegadas de actividade agraria recente. Con todo, no sur da unidade percíbense certas disonancias co modelo descrito pois a presenza da praia do Penal e a de Area (máis ao sur), supoñen focos de atracción de novos usos edificatorios que responden a un uso residencial e/ou turístico. Deste xeito pódense detectar dous modelos de organización que conviven nun mesmo espazo: o modelo de organización tradicional onde os asentamentos orixinais dispóñense afastados da liña de costa e en función da existencia da agra de cultivo; e un modelo de organización contemporáneo onde as localizacións das edificacións responden á existencia de focos de atracción turística como é o caso das praias mencionadas.

DINÁMICA DA PAISAXE



RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

Un dos principais valores que presenta esta unidade é, sen dúbida, o bo estado de conservación do seu parcelario de cultivo. Este presenta unha estrutura de terrazas descendente cara ao mar que se moldeia perfectamente á gradación da pendente e unha división entre parcelas ben definida grazas á supervivencia de sebes vivos nos lindes. Todo iso outorga ao conxunto valor ecolóxico á vez que harmonía visual non só desde esta marxe da ría senón mesmo desde o sector de en fronte ao que se abre visualmente esta peza do territorio. A iso súmase a localización e perdurabilidade dos asentamentos tradicionais, en particular o do Faro (San Xulián) ao pé do monte do mesmo nome, que conserva mostras do patrimonio cultural que serven para realzar, aínda máis se cabe, o carácter identitario deste asentamento fundacional. Doutra banda, o sector litoral da unidade e a illa de Area están incluídos nas figuras de protección comúns a toda a costa setentrional: LIC e ZEPA por parte do Directiva Hábitat e ZEPVN segundo a lei galega de espazos protexidos. As augas que bañan a costa desta unidade son de interese, segundo o Inventario galego de brañas, pois pertencen ao complexo húmido de Viveiro. Para unha mellor comprensión da unidade propónse como un bo punto de observación as inmediacións do asentamento de Faro (San Xulián), así como a estrada que parte desde o núcleo cara ao norte.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNNS
















A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN

Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo

- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareales |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantis / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros


Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos












Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |

Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera
-  Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales
-  Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



